



Parlamento das Letras: Xosé María Álvarez Cáccamo

Publicado o [08/08/2012](#)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2012/08/08/parlamento-das-letras-xose-maria-alvarez-caccamo/>

A escrita de Xosé María Álvarez Cáccamo é como o bosón de Higgs: materia esvaradía, pero necesaria. Máis de trinta anos de poesía ao carrello, centos de textos diversos, multiversos e universos. Quasares de radiofrecuencias líricas en clave de clavicordio, ecos das praias das furnas, arquitecturas de cinza, documentos de sombra, fulgurantes lugares de abatemento, buguinas das idades tristes con e sen mares fragmentarios, memoria d@s amantes en alba, pregos de cargo e descargo, incendios luminosos e mañás irrecoñecibles, espellos calidoscópicos, almanaques implacables, aves de paso, deus@s da ira, mandorlas versais, estratos profundos, ardoras da tribo, impías galernas e sempre, sempre, sempre procura incesante dun nadir ancoradoiro. Poesía de densificación extrema, anana branca supermasiva a estourar radial en versos metasurreais, culturalistas, obxectuais, neovangardistas, visuais e todo canto canto cantabile é.

Outramente, a máscara do poeta revira por veces, faise logos subatómico mutable, impredecible, que adopta, poño por caso, forma narrativa microtopofánica ou memorialística ou criticoliteraria ou sociolingüística ou dramática ou circular ou, outramente.

A palabra de Xosé María Álvarez Cáccamo reverbera, irradia o espazo xerminativo do ser, crea a ultrarrealidade ubérrima e sagra dun cosmos paralelo que nos explica a tod@s nós-outr@s, es@s que atoutiñantes vagamos na busca do verme de luz que deitan respostas como as que seguen.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Logo dun limiar adolescente como autor de poemas editados na revista escolar do instituto Santa Irene de Vigo, que coordinaba —ou asesoraba— o profesor Méndez Ferrín, os meus primeiros textos poéticos algo maduros apareceron no ano 1973 —tiña eu 23— en *Poesía Hispánica* de Madrid, publicación que dirixía o poeta José García Nieto. Chegaron alí por mediación de Camilo José Cela, amigo do meu pai desde os tempos da nenez. Aquela amizade quebrou no momento en que foi publicamente revelado, logo da morte do ditador, o ofrecemento dos seus servizos como delator político que o novelista de Iria Flavia fixera na inmediata posguerra ás autoridades fascistas. En 1977, e logo de frecuentes colaboracións con poemas en revistas literarias do ámbito hispánico, apareceu o meu primeiro libro, *Laberinto el clavicordio*, que publicou Edicións

Castrelos, empresa dirixida polo meu pai, Xosé María Álvarez Blázquez. Aquí remata definitivamente o meu tempo de escritor en castelán.

En 1981, na entrega monográfica —e única— da revista *Coordenadas. Poesía galega actual*, que coordinou Xulio Valcárcel, foi acollido o meu primeiro poema galego publicado. Ao longo dese mesmo ano e en resposta á solicitude de Gustavo Luca de Tena, director do xornal *La Hoja del Lunes* de Vigo, comecei o meu labor de crítica con comentarios das novidades poéticas do momento. *Praia das furnas*, editado en 1983 por Xerais, editora que dirixía daquela Xulián Maure, foi o libro de poemas co que me estrei na lingua de nós.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Creo que os meus libros mellor acollidos pola crítica e talvez tamén máis apreciados polos lectores foron *O lume branco* (1991) e *Calendario perpetuo* (1997), cos que aínda hoxe me sinto especialmente identificado. *O lume branco* alcanzou a sorte de dúas novas edicións, logo da primeira en Espiral Maior. Foron a versión catalá de Xulio Ricardo Trigo e Júlia Cortés (premio Cavall Verd de tradución poética) e a francesa de Marie-Line Heslon e Suso Pensado. *Calendario Perpetuo* obtivo o Premio da Crítica de Galiza en 1998. O complemento de traducións e premios probabelmente serviu para fortalecer a dirección positiva da recepción crítica e lectora.

Sei que non debo queixarme da desatención que puidese afectar a outros libros meus. Os procesos da recepción son independentes da intención e dos desexos do autor, quen debería aceptar coa mesma serenidade a valoración propicia e o diagnóstico analítico desfavorábel, sempre que non medie agresión descualificadora. Non hai queixa, pois, senón só recoñecemento de certa decepción, que non alcanza nivel de desacougo, fronte á acollida —que esperaba máis activa— do meu libro de relatos *A luz dos desafortunados* (1996) e de *Un home impuntual* (2011), un conto ilustrado destinado ao público adulto que, desafortunadamente, foi incluído nunha colección de literatura infantil. O rigor e a inercia das taxonomías dificulta a apertura receptiva da práctica multixenérica dos escritores. O poeta que se interna no discurso narrativo ten dificultades para ser visibilizado como autor de novelas e relatos.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Escribo sempre no meu estudo. Necesito silencio e soidade. Utilizo rotuladores Pilot de tinta de cor violeta. Tomo notas a man en folios soltos e fago primeiras versións de poemas en cadernos de papel cuadriculado que vou numerando sucesivamente desde hai décadas. Pero tamén escribo directamente na pantalla do ordenador, cada día máis. Xa non me levanto da cama polas noites, como facía de mozo, para fixar na escrita unha imaxe sedutora ou unha idea rotunda que se me aparecían de súpeto no entresón. Aproveito, en cambio, aquelas propostas que me entrega o soño e que consigo reter na memoria para escribir, inmediatamente despois do almorzo, poemas fundamentados na verdade onírica. Non son quen de decidir se os costumes que conforman o meu ritual de escrita son hábitos singulares ou manías. Talvez se trate só de hábitos moi comúns.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Síntome sempre moi ben situado nas antoloxías nas que me xuntan cos meus compañeiros e compañeiras de xeración, a dos 80. Pero tamén me topo moi a gusto na compañía das voces posteriores ás nosas, entre outras as de Marta Dacosta, Estevo Creus, Yolanda Castaño, Olga

Novo, Rafa e Miro Villar, Martín Veiga, Olalla Cociña... ¿E quen non queredría figurar a carón de poetas como Luz Pozo, Avilés de Taramancos, Bernardino Graña ou Méndez Ferrín?

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Non é labor doado para un escritor o coñecemento e verbalización dos seus propios procesos. Mesmo así, presentarei algunhas liñas dun autorretrato evolutivo que en grande medida se alimenta das notas que os analistas descubriron na miña obra. Así o rumbo de clarificación expresiva cuxo inicio sitúa Arturo Casas no meu libro *Cimo das idades tristes* (1988). A diversificación temática e a alternancia dos rexistros intimistas e políticos —perspectivas do eu en indagación memorística, maiormente elexíaca, e do nós colectivo para o discurso poético de axitación e denuncia— conforman tamén direccións progresivamente asentadas no curso da miña historia persoal. Desde hai algúns anos e incitado por algunhas solucións ensaiadas en *Vento de sal* (2008) ando na procura de formatos poéticos máis breves e de dicción máis quebrada e fragmentaria que a habitual na miña escrita anterior. Pero a longa ladaíña oratoria e coral de *A boca da galerna* (2011) bate abertamente contra esa pretensión de certa rotundidade lapidaria.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Regreso con arrítmica frecuencia á conversa cos poetas que en momentos decisivos da miña vida alimentaron a miña visión e hoxe continúan a fornecermos claves de discurso e a provocarme emoción, entre eles os autores dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses, Juan dela Cruz, Quevedo, Rubén Darío, Antonio Machado, César Vallejo, Neruda, Luis Cernuda, Lorca, Manuel Antonio, Pavese, Saint John Perse, Ezra Pound, Ginsberg, Pessoa, Eugénio de Andrade, Herberto Helder, Celso Emilio, Álvaro Cunqueiro, Iglesia Alvarinho, Avilés de Taramancos, Blanca Varela, Alejandra Pizarnik, Antonio Gamoneda, Méndez Ferrín, Xavier Baixeras, Miguel Anxo Fernán Vello, Pilar Pallarés... Alén deste listado aberto de referentes nutritivos, moitos outros poetas, ensaístas e narradores de hoxe e de sempre, lidos por vez primeira ou periodicamente frecuentados, constitúen unha compañía reconfortante cuxo detalle nominal faría ilexíbel esta resposta.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Falta normalidade: presenza suficiente dos nosos libros nos escaparates e nos andeis das librerías, circulación fluída e natural dos mesmos entre as mans dunha sociedade lectora galega non constituída preferentemente por escolares e profesorado, escritores e críticos, políticas de apoio e difusión por parte da administración, canles axeitadas para a visualización pública da literatura galega. Fáltanos, pois, a paisaxe da normalidade lingüística e cultural, máis ameazada hoxe por causa do rearme centralista dos gobernos de Galiza e de España.

Como lector, a min sóbrame a hipervaloración de certos discursos poéticos atonais que se expresan en verborrea hermética de mal disimulada base libresca ou daqueles outros que asentan a súa proposta nunha ollada inxenuísta e elemental adobiada con chiscadelas de pretendida sorpresa provocativa. A carón destas dúas liñas de escola, que non me interesan, conviven hoxe en Galiza voces e rexistros variados, moi atractivos, densos e necesarios.

Sobra tamén o exceso promocional de produtos narrativos febles e de consumo que con frecuencia desvían a atención que se debería prestar ao texto literario concibido como proposta para unha recepción activa e enriquecedora.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Como sei que o tempo comeza a esgotarse desde o primeiro minuto, nunca me culpabilicei por todo aquilo que non dei ou non darei feito. E, fiel a certa tendencia natural a aceptar o argumento da miña existencia tal e como se foi organizando, conseguín perdoarme a min mesmo case todo o que xa deixei escrito.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Na resposta á pregunta sobre as eivas e o prescindíbel nas nosas letras ficou apuntada algunha valoración do presente literario. Unha consideración restrinxida ao panorama textual colectivo de hoxe permite apreciar un bo nivel xeral de calidade, con algúns autores e obras que sobrancean por riba do horizonte medio. Como en todas as literaturas do mundo. A normalidade do discurso literario galego contrasta coa situación anormal do contexto sociocultural e político.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Parabéns e grazas pola intelixente actividade do discurso analítico e difusor que desenvolve Criticalia e que colabora ao soño –que conseguiremos realizar– dese necesario estado de normalidade cultural.